



Folla de sala / Galego

# ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

25

Castelao nace en Rianxo, A Coruña, un 30 de xaneiro de 1886 no seo dunha familia humilde, que se ve obrigada a emigrar a Arxentina.

En 1900 regresa a Galicia e realiza estudos de medicina en Santiago de Compostela, profesión que exercerá posteriormente en Rianxo e que abandona para dedicarse a outras ocupacións tras conseguir unha 3ª medalla na Exposición Nacional de Belas Artes de 1915.

Home de complexa personalidade, ademais de médico foi artista, etnógrafo, escritor e crítico de arte.

En 1916 funda con outros intelectuais galegos “As Irmandades da fala”. Foi elixido deputado do Partido Galeguista por Pontevedra ao proclamarse a Segunda República.

Ao terminar a Guerra exíliase e vivirá en Arxentina ata o seu pasamento, en Buenos Aires, o día 7 de xaneiro de 1950.

O Museo Provincial de Lugo conserva unha colección de 30 obras pictóricas deste artista galego entre as que se atopan debuxos, gravados, dous óleos e unha acuarela realizada entre 1916 e 1936, correspondentes á estancia de Castelao en Pontevedra, cuxa temática, a excepción dun retrato de Joaquín Martínez, céntrase nos problemas da Galicia campesiña e mariñeira, as crenzas, os costumes, a emigración e a inxustiza.

A gran parte destes **deseños**, palabra que Castelao utilizaba para referirse aos seus debuxos, serían publicados en revistas e xornais de gran difusión como *El Faro de Vigo*, *El Sol*, *La Esfera* e *La Ilustración Española y Americana* entre outras. Tamén foron recollidos en álbums ou libros e outras son ilustracións de obras literarias da súa propia autoría, como é o caso de *Un ollo de vidro*, e *Cousas*.

Estes debuxos e gravados caracterízanse pola súa simplicidade. Están construídos a base de liñas continuas, con fondos tan esquemáticos que por veces chegan a desaparecer. Tamén nos atopamos que un mesmo elemento do debuxo pode aparecer en diferentes composicións.

Estamos ante esbozos de reducidas dimensións, realizados en calquera tipo de papel, follas de caderno, fragmentos mal cortados e tamén reaproveitados polas dúas caras.

Nestas obras encontramos a influencia da arte xaponesa, do Realismo e o Expresionismo.



# ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

25

Castelao nace en Rianxo, A Coruña, un 30 de enero de 1886 en el seno de una familia humilde, que se ve obligada a emigrar a Argentina.

En 1900 regresa a Galicia y realiza estudios de medicina en Santiago de Compostela, profesión que ejercerá posteriormente en Rianxo y que abandona para dedicarse a otras ocupaciones tras conseguir una 3ª medalla en la Exposición Nacional de Bellas Artes de 1915.

Hombre de compleja personalidad, además de médico fue artista, etnógrafo, escritor y crítico de arte .

En 1916 funda con otros intelectuales gallegos “As Irmandades da fala”. Fue elegido diputado do Partido Galeguista por Pontevedra al proclamarse la Segunda República.

Al terminar la Guerra se exilia y vivirá en Argentina hasta su fallecimiento, en Buenos Aires, el día 7 de enero de 1950.

El Museo Provincial de Lugo conserva una colección de 30 obras pictóricas de este artista gallego entre las que se encuentran dibujos, grabados , dos óleos y una acuarela realizados entre 1916 y 1936, correspondientes a la estancia de Castelao en Pontevedra, cuya temática, a excepción de un retrato de Joaquín Martínez, se centra en los problemas de la Galicia campesina y marinera, las creencias, las costumbres, la emigración y la injusticia.

La gran parte de estos **diseños**, palabra que Castelao utilizaba para referirse a sus dibujos, serían publicados en revistas y jornales de gran difusión como *El Faro de Vigo*, *El Sol*, *La Esfera* y *La Ilustración Española y Americana* entre otras. También fueron recogidos en álbumes o libros y otras son ilustraciones de obras literarias de su propia autoría, como es el caso de *Un ollo de vidro*, y *Cousas*.

Estos dibujos y grabados se caracterizan por su simplicidad. Están contruídos a base de líneas continuas, con fondos tan esquemáticos que en ocasiones llegan a desaparecer. También nos encontramos que un mismo elemento del dibujo puede aparecer en diferentes composiciones.

Estamos ante esbozos de reducidas dimensiones, realizados en cualquier tipo de papel, hojas de cuaderno, fragmentos mal cortados y también reaprovechados por las dos caras.

En estas obras encontramos la influencia del arte japonés, del Realismo y el Expresionismo.